

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

---

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2012/09  
**CARACTER:** EXTRAORDINARIA  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 2 de setembro de 2012.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as once horas e corenta minutos do día **2 de setembro de 2012** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.  
D. Horacio Cupeiro Rodríguez  
Dona María Teresa González Piñeiroa.  
D.Xabier Campos López (BNG).

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.  
D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije  
D.José Manuel Yañez Dablanca (PP)

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

**Concelleiros ausentes na sesión:**

D<sup>a</sup> Azucena González Loredó (PP)

**Secretario acctal:**

D. Fidel Maañón López.

**Interventor acctal.:**

D. José Vázquez Cupeiro.

**Técnico de Admón. Xeral.**

D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2012.31.01.- EXECUCIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 30 DE AGOSTO DE 2012 DE ENTREGA DOS TÍTULOS HONORÍFICOS DE FILLO PREDILECTO A DON VICTOR MORO RODRIGUEZ E DE FILLOS ADOPTIVOS A DON JONH RUTHERFORD E DON JOSÉ CALAVERA RUIZ.**

Iníciase a sesión tomando a palabra o Sr.Alcalde dando a benvinda a todos os asistentes e significando que hoxe é un día especial no que se vai tratar neste Pleno extraordinario o recoñecemento da obra e a vida de tres persoeiros vencellados a Ribadeo.

Manifesta o Sr.Alcalde que lle honra, particularmente, ser de Ribadeo por moitos motivos pero sobre todo porque nunha Corporación diferente con 4 grupos políticos municipais, con discrepancias, non é nada infrecuente que en Ribadeo todos estean de acordo en moitas cousas, e iso é algo que honra a todos. Como se ten dito mais dunha vez, “quen ao seu pobo honra, merece a honra do pobo”, e significa que todos se puxeron de acordo para facerlle xustiza a unhas persoeiros que estarán aquí para sempre.

A continuación sinala que se vai iniciar o acto coa participación non so do equipo de goberno municipal, senon tamén do resto de membros da Corporación e dalle a palabra ao Sr.Secretario que realizará un resumo dos aspectos técnico-xurídicos do expediente.

O Secretario acetal. da Corporación da lectura ao informe que se transcribe literalmente:

“A Xunta de Portavoces do Concello de Ribadeo acordou, o 19 de xuño ppdo., promover un recoñecemento aos Sres. D.José Calavera Ruiz, D. Jonh Rutherford e don Víctor Moro Rodríguez, polo compromiso e adicación amosado con esta Vila de Ribadeo en diferentes ámbitos.

En cumprimento do disposto no Regulamento Especial de Honras e Distincións de este Excmo. Concello de Ribadeo (BOP nº 169 de 26 de xullo de 2005) a Alcaldía, por Resolución da mesma de data 9 de agosto de 2012, acordou nomear aos Concelleiros D.Manuel Valín Valdés e D. Eduardo Gutiérrez Fernández para a instrución dos oportunos expedientes para o recoñecemento como fillos adoptivos a don Jonh Rutherford e don José Calavera Ruiz, respectivamente.

Do mesmo xeito a instrución do expediente para a concesión do título de Fillo predilecto a don Víctor Moro Rodríguez foi realizada polo propio Sr.Alcalde.

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o pasado día 30 de agosto, acordou, por unanimidade dos seus membros, previo ditame da Comisión Informativa e á vista dos informes de Instrución e Proposta da Alcaldía-Presidencia:

- 1º. Nomear Fillo predilecto de Ribadeo ao Sr. D. Víctor Moro Rodríguez.
- 2º. Nomear fillos adoptivos de Ribadeo aos Sres. D. John Rutherford e D.José Calavera Ruiz.

Como remate do procedemento o artigo 22 do citado Regulamento de Honras e distincións, dispón que a entrega da distinción se leve a cabo en acto público solemne en Pleno extraordinario convocado ao efecto e nos termos en que se sinala no acordo, ao que se procederá neste acto.”

De seguido o Sr. Alcalde dalle a palabra ao Concelleiro Sr. D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE, que realizará a laudatio sobre D. José Calavera Ruiz.

D. Eduardo Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSG-PSOE, dentro do Grupo Mixto da lectura ao texto que de seguido se transcribe:

*“No nome da Corporación Municipal, correspóndeme facer a 'laudatio' de D. José Calavera Ruiz, como Fillo Adoptivo de Ribadeo, en agradecimento sincero ao seu desinteresado labor, do que todos somos testemuñas, algúns como xa reflexamos no correspondente expediente, desde un lugar privilexiado en función do cargo que ocupamos, e refirome a todos os alcaldes e corporacións que viñeron despois de quen lles fala. Realmente foi, e aínda é, un verdadeiro valedor da Torre dos Moreno. O certo é que hai unha serie de características, verdadeiramente providenciais, na relación de D. José Calavera Ruiz con Ribadeo*

*O Sr. Calavera vencellouse a Ribadeo por matrimonio e converteuse, como é lóxico, nun ribadense máis con toda a súa familia, á que estendemos o noso agradecimento e felicitación. Pero gostamos de imaxinar que na súa arribada á vila debeu quedar impresionado, primeiro quizais polo empaque do propio edificio dos irmáns Moreno, do punto de vista artístico, un estilo ecléctico no que apuntaba o modernismo, en fasquia e materiais, pero axiña, andando o tempo debeu observalo como técnico altamente cualificado tendo en conta que tan sorprendente como o aspecto era a súa propia estrutura, de formigón armado naquel comezo de século no que se ergueu, e con adiantos técnicos engadidos tan singulares como o ascensor, un dos primeiros da provincia. Andando o tempo, tivo que entrar na súa propia entana, como doutor na materia. Fixoo aportando tamén os medios materiais precisos, e de difícil financiación para unha entidade municipal enxoita, do punto de vista orzamentario. É preciso que se saiba e resulta por iso inexcusable proclamarlo aquí, de xeito explícito.*

*Á filantropía de dous ribadenses débese o emblemático caserón e á do Sr. Calavera, en boa parte, a súa restauración. Podería pensarse que quizais esaxerou na diagnose, aínda que nós non o cremos, dado o seu carácter de científico rigoroso. O que si fixo foi insistir, porque él sabe moi ben que, este é un país de “lluvia y calma” segundo os versos do poeta, e todos participamos das virtudes e dos defectos da inspirada musa popular na arte de percurar paralelismos e rendabilidades á socorrida sentenza de que nunca choveu que non parara., á que hoxe máis que nunca nos acollemos, dadas as circunstancias.*

*O perfil biográfico do Sr. Calavera está ateigado de honores e recoñecimentos ao seu traballo e valía profesional, e perante isto a nós o único que nos corresponde é o aplauso. Neste acto, formal e solemne, o que nos cómpre é recoñecer as súas cualidades humanas, ao poñer o seu saber e competencia ao servizo desta comunidade que se chama Ribadeo. E, por iso, decímolle: moitas grazas veciño e amigo.*

*Remato. Vanme permitir que o faga cunha breve contribución ao que na linguaxe administrativa, ás veces trapalleira e confusa, pero outras concisa e axustada, se chama unidade de acto, vencellando aos tres ribadenses hoxe homenaxeados. Fareino pedíndolle prestadas as palabras a Rosalía de Castro, como fixen noutras ocasións: “Terra fidalga é a Nosa Terra / tanto cal linda Deus a quixo dar/ ben sabe honra facer a quen merece honra”. D. José Calavera, D. John Rutherford e D. Víctor Moro son merecentes dela.”*

A continuación o Concelleiro D.Eduardo Gutiérrez Fernández procede a impoñerlle o distintivo de Ribadeo ao Sr.Calavera Ruiz.

O Sr.Alcalde, faille entrega do certificado ou diploma acreditativo do acordo adoptado que distingue ao Sr. D.José Calavera Ruiz como Fillo adoptivo de Ribadeo.

Intervén de seguido o Sr. D.José Calavera Ruiz que en primeiro lugar agradece esta distinción ao Sr.Alcalde e Corporación Municipal indicando que é un grande honor que lle fan.

Refírese á laudatio que acaba de facer o Sr.Gutiérrez Fernández sobre as cualidades humanas da súa persoa e fai un repaso sobre a súa presenza en Ribadeo, dende hai 51 anos en que pasa as súas vacacións nesta Vila, aínda que coñece Ribadeo dende antes, cando era noivo da súa dona Ana.

Durante eses 51 anos dí que veu pasar as vacacións de verán case sempre e que faltou durante os anos 1964,1965 e 1966 porque lle encargaran un traballo en Fuente De e non poido vir. Pouco a pouco foi incrementando os períodos de vacacións ás de Nadal, de Semana Santa, etc. e agora que está xubilado ven mais aínda a Ribadeo ,sempre que as actividades da Universidade, a donde aínda sigue ligado, llo permiten.

Dí que lle debe a Ribadeo moitas cousas, moitas horas de descanso, moitas horas de disfrute e tamén horas de traballo, dous dos seus libros rematounos aquí.

O nomeamento que lle se lle fai está moi ligado ao edificio da Torre dos Moreno e refírese ao mesmo indicando que é un edificio de 1912,en canto a proxecto, que é único en España e de seguido fai unha escolma sobre os traballos e informes realizados sobre o mesmo, que iniciou en 1987, sendo Alcalde o Sr.Gutiérrez Fernández e que remata en novembro de 2011. Desglosa diferentes datos técnicos sobre o inmovible e as actuacións levadas a cabo no mesmo. Refírese tamén ao arquitecto ribadense Sr.Cruzado Estevez colaborador seu que é quen mellor coñece o edificio, á empresa INTEMAC, etc.

Fai tamén unha referencia á súa dona, presente no público, como responsable do seu contacto con Ribadeo, indica que son un matrimonio lixeiramente asimétrico, como todos, e dí que a mesma foi moi importante tanto na súa vida persoal como profesional e recordando unos versos de Rabindranath Tagore, dí que neste matrimonio él é o candil e a súa dona é a chama. Remata dando moitas grazas a todos.

A continuación a Coral Polifónica interpreta unha peza musical.

Intervén seguidamente, a instancia da Alcaldía, o Concelleiro Sr.D. Manuel Valín Valdés, do Grupo Municipal Popular que procede a dar lectura á laudatio sobre D.Jonh Rutherford, e que se transcribe literalmente:

*“Sr. Alcalde, compañeiras e compañeiros de corporación, Sres. Moro, Calavera e Rutherford, veciñas e veciños.-  
Quixera empezar a miña intervención neste acto agradecendo á Alcaldía e ó Equipo de Goberno que tiveran a deferencia de deixarnos participar activamente, ao Grupo Municipal do Partido Popular que eu represento, neste acto de merecido recoñecemento institucional a estes tres ribadenses, un de nacemento e dous de adopción, que hoxe nos acompañan.*

*Síntome moi honrado por ter o privilexio de expoñer hoxe, ante a distinguida audiencia a LAUDATIO de D. John Rutherford neste acto do seu recoñecemento como FILLO ADOPTIVO de Ribadeo, despois de ser ratificado en Pleno o día 30 de agosto de 2012 o acordo unánime da Xunta de Portavoces reunida os días 5 e 19 de xuño deste mesmo ano.*

*A Vila de Ribadeo vén gozando tradicionalmente dunha importante actividade cultural, reflexo da inquietude das súas xentes; ten ademais a sorte de contar coa presenza de recoñecidos persoeiros no eido cultural galego, e alén das nosas fronteiras naturais, que co seu cariño cara a esta terra teñen contribuído de xeito decisivo a reforzar ese papel de centro neurálxico dunha ampla comarca que se estende pola Mariña lucense e o occidente asturiano.*

*D. John Rutherford, nado en Saint Albans, nas aforas do norte de Londres no ano 1941, profesor, investigador e profundo coñecedor da cultura galega é, con toda seguridade, un bo exemplo dese xeito de profesar amor por unha terra que, sen ser a propia (para nos é un ribadense máis), ocupa un lugar privilexiado na súa traxectoria vital.*

*Da man de Tita, a súa dona, dende 1960, ciméntase unha relación entre Ribadeo e D. John Rutherford que o fará, ó longo dos anos, implicarse de cheo na vida local, colaborando en diferentes facetas do eido cultural e gozando e facendo gozar coa súa amizade ás nosas xentes. Dous ambiciosos proxectos, nos que colabora activamente, van a deixar a súa pegada ao longo do tempo: un musical, a súa contribución na revitalización da Rondalla, e outro histórico-literario, as Xornadas “Mar por Medio”.*

*Segundo comentan os que o coñecen ben, a súa verdadeira paixón é a música; intérprete (domina a guitarra e as súas variantes, a frauta, a viola e a gaita) e compositor (autor do bolero Miradas Galegas, os valeses A sombra da Figueira e Andoriñas de Vilaselán, o pasodobre Nas catrocalles, o chotis Maria cabreá e a habanera Vila Meiga), e tamén fundador do grupo familiar “As Pícaras de Ribadeo” co que interpretou un amplo repertorio de música galega.*

*É a rondalla un expoñente da importante tradición musical deste pobo mariñeiro. Despois dun primeiro contacto en 1960 con esta agrupación, creada e dirixida por Carlos Álvarez Fernández Cid en 1941, será a partires do ano 1982 cando D. John Rutherford contribúa, xunto coa súa dona e fillas e outros familiares ribadenses á súa revitalización. Foron habituais, durante moitos anos nas noites de verán, os pasacalles desta formación musical na que un grupo de amigos, secundados por unha marea de afeccionados, entoaban coñecidas habaneras facendo as delicias de ribadenses e visitantes.*

*A implicación de D. John Rutherford no eido cultural ribadense, tivo o seu colofón a principios dos anos 90 co nacemento das Xornadas de Cultura Galega “Mar por Medio”. Este importante proxecto, feito realidade polo empeño de D. Eduardo Gutierrez, daquela alcalde, e o propio Sr. Rutherford, trataba de afondar na visión que desde as universidades británicas se tiña do noso país. Sen dúbida, a presenza de insignes profesores e estudosos na nosa vila convertían a Ribadeo, perante unha semana do verán, nunha pequena “capital cultural”.*

*No ano 1995, cando asumo a responsabilidade da Concellería de Cultura, teño a oportunidade de coñecer a D. John Rutherford persoalmente; de seguro que dentro das moitas satisfaccións que tiven no meu traballo municipal ao longo de oito anos, a colaboración con el e a forxadura dunha sincera amizade ocupan un lugar preferente.*

*Foron anos de intensa relación nos que demos forma ata oito edicións das Xornadas “Mar por medio”. A partir de 1997 conseguimos, sen perder a súa esencia inicial, darlle un xiro a este proxecto, incorporando un maior número de conferenciantes e, entre eles, a presenza de polo menos un escritor galego. As xornadas, seguidas anualmente por máis dun centenar de matriculados, convertéronse no buque insignia da programación cultural ribadense.*

*D. John Rutherford, eminente hispanista e galeguista, docente na Universidade de Oxford dende 1965, director do Centro de Estudos Galegos de Oxford, creado en 1991, é tradutor ao inglés de La Regenta, pola que recibiu a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes en 1984, e de El Ingenioso Hidalgo don Quijote de la Mancha (1996-97), tradución esta última que realizou en Ribadeo porque como el mesmo di, “é onde me encontro máis cómodo”; Membro de Honra da Coral Polifónica de Ribadeo (1996), Lucense do Ano no apartado “Amar Lugo” (1996), Medalla Castelao (1998); recibe o Pedrón de Honra da Fundación Pedrón de Ouro (2003). En 2004 sorpréndenos cunha*

*fermosa novela, As frechas de ouro, ambientada no Camiño de Santiago e escrita en lingua galega. Concédesele o Premio Trasalba outorgado pola Fundación Otero Pedrayo (2007), ingresa como "Académico Honorario" da Real Academia Galega (2008) e finalmente é nomeado "Doutor Honoris Causa" pola Universidade da Coruña neste mesmo ano 2012.*

*Como podemos comprobar, a figura de D. John Rutherford foi recoñecida publicamente por numerosas entidades e institucións de todo o territorio galego e nese recoñecemento sempre está presente o seu ribadensismo. Os que o coñecemos, non tardamos en decatarnos dese cariño que profesa por Ribadeo e as súas xentes. Os ribadenses admirámolo e intentamos corresponderlle con cariño á súa aposta por esta vila.*

*No corazón de D. John Rutherford, a terra que o acolleu aló polo ano 1960 de seguro que ocupa un lugar privilexiado. Na habanera, Vila Meiga, que compuxo e que foi estreada en 1991 no Teatro de Ribadeo pola rondalla Amigos da Música amosa o seu sentir deste xeito:*

*Vexo as rúas e as prazas elegantes,  
vexo a ponte coa ría, o mar detrás,  
belas casas e torres deslumbrantes;  
vila meiga, que linda te me fas.  
Anque lonxe me leve a vida errante,  
vila meiga, comigo sempre vas.  
neses aires cordiais e agarimantes  
que terás, vila meiga, que terás?*

*Durante moitos anos, as rúas do casco vello, a Ría, os cantís, dos que tanto goza cando se atopa entre nós, foron os encargados de facer que se sentira como na súa casa, que realmente a é. A partir de hoxe, con este recoñecemento institucional como FILLO ADOPTIVO DE RIBADEO, desde a Casa de todas e todos os veciños, poñemos o noso grao de area para que esta relación de amor profundo a unha terra poida ser compartida polas xeracións vindeiras. Moitas grazas. "*

A continuación o Concelleiro D.Manuel Valín Valdés procede a impoñerlle o distintivo de Ribadeo ao Sr. Rutherford.

O Sr.Alcalde, seguidamente, faille entrega do certificado ou diploma acreditativo do acordo adoptado que distingue ao Sr. D.Jonh Rutherford como Fillo adoptivo de Ribadeo.

Intervén o Sr. D. Jonh Rutherford que da lectura ao texto que se transcribe:

*"Señor alcalde e membros da corporación, amigos e amigas ribadenses:*

*Quixera expresar primeiro as miñas máis sentidas grazas ao Concello de Ribadeo por este honor que tanto significa para min, como logo vou intentar explicar.*

*Dáme unha satisfacción especial saber que a decisión foi unánime. Grazas tamén ao meu padriño neste acto o querido amigo Manolo Valín, por esas palabras súas tan amables. Síntome moi honrado, máis aínda na boa compañía de homes moito máis merecentes ca min deste honor como o son Víctor Moro e José Calavera.*

*Revolvendo no arquivo familiar atopei isto: La Comarca do 23 de agosto de 1959. Prezo, 1 peseta con 25 céntimos: ou sexa, pouco máis de medio céntimo dos euros de agora. Número de teléfono da redacción: 51. Na primeira plana do xornal anúnciase o "Concurso-Exposición Comarcal de Ganados" que se vai celebrar na vila de*

Ribadeo durante as vindeiras festas patronais, o mércores 9 de setembro. Na segunda páxina vemos que no Cine Colón (teléfono, 147) van botar o domingo *Mi tío*, con Jacques Tati, e o venres *Ni sangre ni arena*, con Cantinflas; ambas as dúas películas autorizadas para todos os públicos. E debaixo deste anuncio hai unha columna titulada “Los que viajan”.

Que tempos aqueles, nos que o viaxar era noticia! Todos os viaxeiros nomeados na columna viñan de España, ou regresaban alí, menos tan só un: “Después de pasar una temporada entre nosotros salió para Londres el joven Mister Jhón Rutterford”.

Veñen mal deletreados tanto o nome como o apelido do xove místico: a isto tería que irse acostumando despois desta súa primeira breve aparición na prensa galega. E así rematou a miña primeira estada en Ribadeo: catro meses deliciosos. No coche de liña en que marchei da vila aquel home bo que era Enrique Vieites, que en paz descanse, decatouse da miña tristura e consoloume con café e faria durante a parada en Mondoñedo.

A moitas persoas aquel Ribadeo de hai máis de medio século podería parecer atrasado, pobre, terriblemente provinciano. Era dende logo moi diferente do Ribadeo de agora. Era unha vila moito máis pequena. Non existían varias rúas que son de primeira importancia no Ribadeo actual, como as avenidas de Galicia, de Asturias e de Rosalía de Castro, nin, claro está, existían os grandes e anónimos bloques de cemento que as flanquean. A rúa agora chamada Avenida de Leopoldo Calvo Sotelo era entón unha avenida no sentido orixinal da palabra, “rúa bordeada de fermosas árbores”, que no verán daban unha apetecible sombra. Paseando por ela cara a Obras Públicas, á esquerda tías campo aberto ata Vilaselán. Esta rúa marcaba o extremo oeste de Ribadeo, á parte da estreita extensión pola Rúa de San Roque, por onde pasaban todos os coches, camións e autobuses que ían de Galicia a Asturias e viceversa, sempre vía a Veiga, non habendo ponte. Lembro o policía municipal que dirixía o tráfico nas Catro Calles apoiado nunha esquina, facendo sinais cos seus pes cando as súas mans estaban ocupadas a liar un pito.

Si, aquel Ribadeo pode parecer agora pobre, atrasado, terriblemente provinciano. Pero para o rapaz que chegou a aquel Ribadeo dende Londres, facendo un intercambio co meu agora cuñado Tito, foi toda unha maravillosa aventura. De feito resultou ser non só un intercambio senón todo un cambio, un cambio decisivo na miña vida. Por que Ribadeo lle fixo a aquel rapaz londinense unha impresión tan enorme? É certo que disfrutou de moitas experiencias novas. Húboas gastronómicas: callos, pulpo, calamares, chourizo, morcilla. Houbo outros praceres do padal menos inocentes: viño, coñac, tabaco habano de contrabando. Descubrín a profunda beleza da música. Aquí en Ribadeo a xente cantaba nos bares, sen estar borracha! E a xente cantaba moi ben nos bares, a dúas e a tres voces, con fortes e pianos. Aprendín a tocar a guitarra con Lolo, o irmán de Tito, e saín polas noites coa súa rondalla, en constante fuxida do sereno porque non pedíramos o necesario permiso das autoridades. Fixen moi bos amigos: Alberto, Dictino, Luis Miravalles, Jesús Loredo, Aniceto e os seus fillos Ramón e Eduardo, que me levaban pola ría na súa lancha sen cobrarme.

Pero a experiencia nova máis importante de todas foi que aos poucos días de chegar a aquel Ribadeo me namorei dunha rapaza moi bonita e vivaz, agora a miña dona, Tita, irmá de Tito e de Lolo e de María Rosa e de Carmen. Todo isto explica gran parte do enorme impacto que tivo en min aquel Ribadeo de 1959. Pero houbo máis aínda. Intentei expresalo na miña novela *As frechas de ouro*:

¿Onde vai aquel neno de dezaioito primaveras transportado a outro planeta nunha nave ferruxenta e fedenta dende a triste cidade dormitorio londinense onde pasara toda a súa cativa vida? Ringleiras e ringleiras de casas ou caixas ou coelleiras, ocupadas por persoas que descoñecías e con quen nunca falabas, que nunca miraban para ti e para quen ti nunca mirabas, porque a solitaria rúa só servía para ires e iren a toda prisa prudente dende a casa ata a oficina ou ata o colexio e dende o colexio ou dende a oficina ata a casa, entre caras que eran máscaras de madeira gris, ollos

*apagados que sempre fitaban o chan sabendo que era perigoso levantar a vista de alí, bocas ríxidas e murchas porque o sorriso era un delicto ou un pecado alomenos: silencio.*

*E así era a vida, porque o cine era o cine -cada segundo sábado pola mañá sesión especial para nenos, dous peniques humildemente sacrificados sobre o altar do despacho de billetes para gañar dúas horas de paraíso- e a vida era a vida. Vivir era estudar e volver á casa para merendar e durmir e ao día seguinte almorzar e volver estudar, soñando sempre co próximo sábado paradisíaco. Pero logo o aviso dos profesores acerca do estado lamentable do meu español, o intercambio como derradeiro recurso desesperado, e cadrou tocarme Ribadeo: ollos chispantes e voces sorridentes, caras vivas, expresivas, rúas ateigadas de xente alegre, vida vibrante, ruído, movemento, calor, un mundo máxico, non existir na cincenta realidade senón gozar dentro dunha película de tecnicolor. Si, si, había outro mundo, a vida non tiña por que ser traballo tristeiro e austeridade puritana, a vida podía ser busca de alegrías e de aventuras e de amores, a vida podía ser cine, cine en tecnicolor e en cinemascopé todos os días do ano e sen pagar nin dous peniques de entrada, ¿por que non?*

*Hai unha boa dose de inxenuidade e esaxeración románticas nestas primeiras impresións dun rapaz londinense recién chegado a aquel Ribadeo na primavera de 1959. Son impresións que se lle foron modificando coa adquisición de máis coñecementos sobre as tristes realidades daqueles duros anos de dictadura franquista. Pero detrás das románticas esaxeracións, o contraste entre a vida cotiá da gran cidade inglesa e a da pequena vila galega era válido.*

*En Londres, a vida consistía en traballar para aumentar a prosperidade material, e todas as demais consideracións subordinábanse a este requisito. Tal mentalidade era comprensible naqueles anos de posguerra e de reconstrución nacional; pero no medio século que pasou dende entón as actitudes dominantes en Inglaterra non se modificaron. Máis ben se intensificaron. O malo é que nunha sociedade gobernada por esixencias económicas, todo aquilo que é máis entrañablemente humano se ve sacrificado en nome dunha sempre maior eficacia productiva de bens materiais. Como parte inevitable deste proceso, vanse suprimindo as diferencias individuais e locais que dotan á vida de variedade e de interese e sentido humano. A globalización non é a panacea universal, porque unha sociedade sen identidade propia, como a inglesa actual, é unha sociedade con gravísimos problemas de todo tipo. O que eu nunca coñecera en Londres e que atopei en Ribadeo foi ese forte sentido de identidade, tanto comunal como individual. Aquel John era como un neno perdido que, sen sabelo, buscaba o camiño na vida que durante 18 anos londinenses non fora quen de atopar. Encontrouno naquel Ribadeo do 59, e comezou alí a construír a súa identidade. Eu sempre fora un estudante mediocre e falto de entusiasmo, pero cando voltei a Londres todos os que me coñecían declararon abraiados que era outro. Púxenme a estudar moi en serio, porque necesitaba informarme a fondo sobre aquela cultura recién descuberta que tanto me apaixoaba. Todo o que veu despois na miña carreira saíu de aí: e as miñas pequenas contribucións á vida cultural de Ribadeo só foron un intento de pagar algunha parte da inmensa débeda que teño con esta vila. Pero coído que a miña contribución máis importante son as miñas fillas Rosa, Laura e Xoana, que viven e traballan aquí en Galicia e que xa me deron tres fermosos netos galegos, Ricky, Abel e Olivia.*

*Levo máis de medio século pasando longas tempadas en Ribadeo case todos os anos. Aprendín a lingua galega aquí con moi bos profesores: primeiro co desaparecido Angelito, o Rebolo, que fixo a miña casa dos Galos e que en paz descanse; despois cos moi queridos amigos Manolo Cancio, que fixo os mobles da casa, e co seu irmán Moncho, e cos tamén desaparecidos Antón e Leonardo, con quen pasei horas e horas de puro pracer na lancha pescando cabras e xulias, panchos e fanecas. E aprendín con outros moitos bos amigos ribadenses que sen sabelo foron tamén os meus profesores de galego (e doutras cousas) e que me teñen que desculpar por non ter tempo agora de nomealos.*

*Miñas donas e meus señores: como non vou ter saudade daquel Ribadeo que me formou e que decidiu o curso da miña vida? A nostalxia é achaque de vellos, xa o sei, e hai que ter coidado con ela porque pode resultar*



*perigosa. É evidente que houbo moito progreso en Ribadeo, tanto económico como político. Moito se gañou; pero coido que se perdeu moito tamén. Se cadra foi inevitable. Pero é importante conservar o que queda da forte identidade ribadense. Para progresar non fai falla ningunha destruír o pasado. Porque o pobo que perde o seu pasado, a súa historia, perde a súa alma. Que esta desgraza nunca lle suceda a esta vila meiga, ao noso querido Ribadeo. Gracias a todos pola vosa paciencia.”*

A continuación a Coral Polifónica interpreta unha peza musical.

Intervén seguidamente o Sr. Alcalde que procede a dar lectura á laudatio sobre D. Víctor Moro Rodríguez, e que se transcribe literalmente:

*“Benqueridos compañeiros e compañeiras de Corporación, señores D. José Calavera, D. Jonh Rutherford e D. Víctor Moro, veciños e veciñas, amigos e amigas todos.*

*Ribadeo ten dado historicamente persoas activas, capaces e dignas da representación deste nobre Concello en Galiza, no Estado e polo mundo adiante. Algúns e algunhas delas teñen destacado en eidos tan importantes e tan distintos como a literatura, a pintura, a náutica, a música, a enxeñería, a política, o comercio, a economía e un longo etcétera.*

*Precisamente un destes eidos, a economía, a súa teoría e a súa praxe, foi un dos fundamentos vitais de un destes fillos de Ribadeo como é o Sr. D. Víctor Moro Rodríguez.. Nado en Ribadeo, en pleno corazón do seu casco vello, Víctor Moro aprendeu as súas primeiras letras na escola de D<sup>a</sup> María. Continuou os seus estudos na escola de D. Jenaro, Capitán da Mariña Mercante, onde destacaba na aprendizaxe das matemáticas. Máis tarde continuou os seus estudos na escola Preparatoria da que era Director e profesor D. Gregorio Sanz e finalmente concluíunos na Academia de Santo Tomás de Aquino, onde era Director e profesor D. Ramón Soto, que por aquel entón dirixía “La Comarca”.*

*É por este tempo que empeza a despuntar o seu compromiso por este pobo nos seus temperás escritos publicados nos semanarios locais.*

*Despois de rematar os seus estudos fóra e sendo aínda un mozo exerce como economista do Banco de España onde, despois de varios postos de responsabilidade chega a exercer a Dirección da súa sede de Barcelona e posteriormente a Subdirección Xeral absoluta do Banco de España. Conta ademais con brillantes etapas na Dirección de empresas galegas como Pescanova (a máis importante sociedade privada de pesca de Europa) nunha época de forte espallamento internacional.*

*Tivo participación na política activa chegando, entre outros cargos, a ser Deputado no Congreso pola UCD nas constituíntes. En 1978 foi o primeiro galego que pediu, no Congreso dos Deputados, un Estatuto de Autonomía para Galiza. Foi tamén autor do RD que orixinou as empresas pesqueiras mixtas sendo xa Director Xeral de Pesca Marítima dentro do Ministerio de Comercio que dirixía daquela outro ilustre Ribadense de adopción e que chegaría a ostentar a Presidencia do Goberno do Estado. Estoume a referir ao benquerido Leopoldo Calvo-Sotelo.*

*A súa defensa activa de Galiza como realidade diferenciada lévao a participar en Coalición Galega, onde chega a ser o seu referente durante un tempo. Posteriormente volta á súa actividade ligada ao Banco de España sen esquecerse nunca de Ribadeo nin de Galiza, escribindo unha mancha de colaboracións xornalísticas vencelladas a temas económicos e do desenvolvemento de Galiza.*

*Mención especial debe ter o seu compromiso con este Concello que o quere laudar e coa súa Ría, a Ría de Ribadeo que, sendo de todos e todas, divide administrativa e teoricamente unha realidade que as xentes de ambas as beiras*

*se encargan de borrar no decorrer do día a día, compartindo relacións comerciais, lingua, cultura e tradicións. Neste caso, o Sr. Víctor Moro Rodríguez foi e é un activo defensor da legalidade, recoñecemento e difusión do topónimo histórico, legal e vixente “Ría de Ribadeo”. Foi froito deste seu irreductíbel tesón que en marzo de 2008 a Comisión especializada de nomes xeográficos, do Consello Superior Xeográfico, dependente do Instituto Xeográfico do Ministerio de Fomento, en relación ao topónimo Ría de Ribadeo, acordou que o único nome oficial recoñecido sexa precisamente o de Ría de Ribadeo*

*Así pois, logo de toda unha vida, queda patente a súa implicación e relación de amor profundo a esta terra que o viu nacer, que o fai merecente do nomeamento como Fillo Predilecto de Ribadeo. Este recoñecemento viráselle engadir a outros tan excelsos como a Orde do Mérito Constitucional, a Cruz do Mérito Naval, ou a Creu de Sant Jordi, entre outros, méritos todos estes que non podemos desmerecer aínda que ningún deles seguramente teña o significado emotivo e agarimoso como o que lle recoñecemos nós como “profeta na súa terra”, e é por isto que a Corporación Municipal que me honra presidir, outorgou o pasado xoves, por unanimidade, o título de Fillo Predilecto de Ribadeo a D. Víctor Moro Rodríguez, ao que hoxe, agradecidos, lle facemos entrega do pin e máis do certificado que así o acredita.”*

A continuación o Sr. Alcalde procede a impoñerlle o distintivo de Ribadeo e faille entrega do certificado ou diploma acreditativo do acordo adoptado que distingue ao Sr. D. Víctor Moro Rodríguez como Fillo predilecto de Ribadeo.

De seguido toma a palabra o Sr. D. Víctor Moro Rodríguez que manifesta:

“Ilmo. Sr. Alcalde, Excma. Corporación Municipal, estimados amigos e paisanos de Ribadeo, señoras e señores:

Dí que sempre manifestou a súa condición de ribadense de nación e que a distinción con que agora lle honra a Corporación Municipal de Ribadeo reforza aínda mas si cabe o seu afecto, fidelidade e gratitude a Ribadeo e aos ribadenses.

Destaca o interese polo progreso de Ribadeo, a súa paixón polas paiaxes e a súa ría confirma que sempre a súa traxectoria vital tivo sempre como denominador común a Ribadeo. A quen tanto debe.

Se Como dixo o poeta a patria do home é a súa infancia, a súa patria é Ribadeo.

Refírese a aquel Ribadeo dos anos trinta que sobresaía sobre as liñas do seu porte, aos adolescentes de entón que vivían con regusto aquela singularidade.

Fai mención aos dous semanarios con que contaba Ribadeo que daban noticia puntual do devir social na socorrida sección de viaxeiros, á que fixo referencia anteriormente Jonh Rutherford , e dí que era o punto de encontro da Vila, donde ausentes e presentes coincidían. As Riberas del Eo e La Comara día que se ocupaban de proxectos de desenvolvemento económico en torno ao Ferrocarril así como ao Porto. Ambos semanarios se facían eco destes proxectos. Contaban as actividades culturais e deportivas.

Dí que hoxe todo cambiou, que agora son os Partidos políticos os que adican a exponer nas páxinas para destacar as súas diferencias mentres en moitas ocasións os verdadeiros problemas de Ribadeo están ausentes, porque ausente está tamén a sociedade civil, tan activa e participativa entón.

Pon de manifesto, aínda que xa se referiu en diversas ocasións a Ribadeo, que hoxe é oportuno recordar o lamentable abandono que sofre o municipio pola deixación dos diferentes órganos políticos da Administración Central

e o retroceso evidente no que está, e dí que salvo o atractivo turístico con que conta Ribadeo dí que poucas actividades xeradoras de progreso e emprego se desenvolven.

Sinala a continuación que naceu en Ribadeo nun agarimoso fogar de clase media, referíndose ao seu pai, castelán da Terra de campos, que casou e se estableceu en Ribadeo, Vila na que pronto se integrou e que participou en diferentes actividades que él viviu ao seu carón na súa nenez, lembrando a súa viaxe no ano trinta e seis a Burgos formando parte dunha Comisión que pretendía consolidar o Instituto Nacional de Ensino Medio. Indica que formou parte de diversas Comisión e Sociedades destacando a súa pertenza á Sociedade La Concordia que presidiu moitos anos.

De súa nai dí que foi unha muller ribadense que sempre mantivo a alegría do seu fogar, que padeceu momentos difíciles que encarou con vontade e firmeza, e que como boa ribadense, gozaba de fino oído e boa voz, e que inculcou nos seus fillos alentos de progreso así como os fixo partícipes da súa sensibilidade, lembrando a ambos nesta ocasión dous con gratitude e con emoción.

Dí, que coñece tanto pola prensa como polas palabras do Sr. Alcalde, que a honra que hoxe se lle fai é principalmente pola súa defensa que fai do topónimo Ría de Ribadeo. Refírese a diferentes intervencións públicas e acontecementos nos que estivo presente en Ribadeo, así como diferentes colaboracións na prensa con asuntos sobre Galicia en xeral e sobre Ribadeo en particular. Ribadeo sempre tivo presente nel.

Fai unha referencia e dí que quere ter un recordo para todos os seus amigos ribadenses da súa adolescencia que de bo grao citaría un por un pero non sendo posible faino cos seus coetáneos que xa non están como Leopoldo Calvo Sotelo que descansa para sempre entre nós, Pepe Parga (Pepín Cancelos). Para todos eles e para os amigos da época o seu recordo e afecto entrañable.

Respecto do nome da ría dí que aínda queda moito por facer, que a contumacia sobre o nome ten a súa orixe nunha vella aspiración do occidente asturiano, secundada polo seu goberno que se mantén e aviva erróneamente a pesar de que a Comisión de nomes geográficos xa resolveu oficialmente a cuestión proclamando como única denominación do Estuario o de Ría de Ribadeo. Dí que o incompreensible é que a pesar delo por parte da Xunta de Galicia se caiga no mesmo erro e que utilicen incluso ás veces contra a súa propia normativa citando dous exemplos recentes sobre este asunto que dí non obedecen senon á intoxicación política e mediática que padecemos.

Prega que lle disculpen porque as súas intervencións sobre Ribadeo sexan para destacar carencias e non para facer elogios e rogan lle perdoen, pero dí que non desaproveita as ocasións que ten para poñer enriba da mesa a súa preocupación polos problemas de Ribadeo.

Conclúe reiterando o seu agradecemento pola distinción, que valora como a mais importante e sentida de todas que ten. Felicita ás persoas que foron recoñecidas, tan merecidamente, como fillos adoptivos de Ribadeo e agradece a presenza das persoas que están neste acto, sen deixar de exhortar a representacións políticas, colectivos cidadáns e á sociedade ribadense en xeral para que tomen conciencia da marxinación que ven sufrindo Ribadeo. Da as grazas a todos e o seu agradecemento, de novo, á Corporación Municipal.”

A continuación a Coral Polifónica interpreta unha peza musical.

O Sr. Alcalde toma palabra e agradece expresamente, no nome tamén de toda a Corporación, á Coral Polifónica de Ribadeo que dunha maneira xenerosa, dunha maneira altruista, quixo participar tamén neste evento, e tamén como non á Sociedade Amigos da Gaita que ao principio interpretou a Marcha do Antigo Reino de Galicia. Agradece tamén a todos os veciños e veciñas que estiveron no Pleno así como a aquelas persoas que sendo de fora se desplazaron

aquí. Da as gracias de novo a todos e a noraboa aos novos fillos adoptivos José Calavera e Jonh Rutherford e ao fillo predilecto de Ribadeo D.Victor Moro.

Para rematar a Coral Polifónica de Ribadeo interpreta o himno de Galicia.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as trece horas e cinco minutos, polo Sr.Alcalde-Presidente levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario acctal. dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.